

# Celga



# 2

## PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**C2-B-20-DLX**

## PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, le o seguinte artigo sobre o *nesting* (a moda de quedar na casa os días de festa). Toma as notas que precises. Na entrevista oral terás que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

### «Nesting»: a moda de quedar na casa os días de festa



Pasar unha fin de semana vendo películas ou gozando dun baño de burbullas nunca tivo tantos seguidores.

Estar días sen saír da casa, sen saír do niño, é a última moda, así que preparémonos, porque acaba de chegar o *nesting* (unha palabra que significa niño en inglés, o fogar onde crían os paxaros).

A palabra *nesting* refírese á felicidade que supón parar de facer cousas e descansar comodamente na casa.

Durante días non facemos vida social, é dicir, non queremos quedar con xente fóra da casa.

Trátase de non facer nada e de non preocuparnos de nada. Debemos facer só o que nos apetece sen andar con présas, sen ter horarios e sen facer plans.

Quedar na casa toda a fin de semana tanto sos como acompañados, parécenos o remedio ideal para ter menos estrés, descansar e, de paso, aforrar diñeiro.

## Un remedio para desconectar de moita vida social




Moitas persoas teñen medo a non poder participar na vida social e a non estar ao día de todo o que pasa. Están demasiado preocupadas por estar sempre dispoñibles e conectadas. Resúltalles moi difícil cambiar isto.

Fronte a estes novos costumes e ao uso excesivo das redes sociais (Whatsapp, Facebook Twiter, Instagram...), o *nesting* pretende que desconectemos da rutina e dos compromisos con outras persoas.

Agora está de moda presumir de pasar unha noite tranquila na casa en vez de saír por aí.

Cada vez apetécenos máis facer plans con manta, película e libro.


### Outra forma de relaxarse



Os psicólogos dinnos que pasar tempo na casa cos amigos, coa familia ou sós, sen facer nada é a mellor maneira de relaxarnos. Así recuperámonos do estrés da vida diaria.

O importante é atopar o equilibrio. Algunhas persoas prefiren non facer nada e outras, o que lles apetece é preparar un biscoito, coidar das plantas, escoitar música, pintar ou facer manualidades.

### A decoración axuda



A decoración é moi importante nesta nova moda de quedar na casa.

Se imos pasar dous días na casa, é mellor estar nun ambiente atractivo e acolledor. O *nesting* busca que a decoración sexa práctica, cómoda e agradable.

Almorzar na cama pola mañá, ler o xornal deitado no sofá ou facer exercicios de relaxación pode converterse nun momento marabilloso.

Para lograr isto, a sala debe permanecer tranquila e, se é posible, sen aparellos electrónicos.

A iluminación tamén é importante: a luz natural dun día de sol axudaranos a recuperar o ánimo e a enchernos de enerxía.

## PARTE 2

<b>1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</b>	<b>1-2 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, así que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"><li>■ Como te chamas?</li><li>■ A que te dedicas?</li><li>■ De onde es? Fala un pouco sobre a túa cidade/vila/aldea...</li><li>■ Canto tempo levas estudando galego?</li><li>■ Por que o estudas?</li><li>■ Que che gusta facer no tempo libre? Que afeccións tes? (Se procede)</li><li>■ Que che gusta máis da cultura galega?</li><li>■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a túa?</li></ul>	
<b>2. RESUMO</b>	<b>2 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	

Fai un resumo do contido do artigo.

- Que entendes cando falamos de *nesting*?
- Porque din que pode ser bo quedar na casa os días de festa?
- Que recomendan os psicólogos para relaxarse e esquecer os labores do día a día?
- Como se debe decorar a casa para conseguir estar máis cómodo e relaxado?

### 3. RELATO

3 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: nesta parte a persoa candidata debe relatar unha anécdota ou unha historia. A persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas e diralle á persoa candidata que faga un relato. Se esta non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá á persoa candidata (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.

- A.** Conta algo divertido ou curioso que che pasou a ti ou a outra persoa un día que había convidados/as na túa casa (ou un día que alguén te convidou a ti á súa casa).
- B.** Conta algo que che pasou a ti ou a algunha persoa coñecida un día que saíches de festa.
- C.** Conta o que che gustaba facer ou o que tiñas por costume facer as fins de semana cando eras neno/a.

### 4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

### OPCIÓN A

- Ti ou a túa familia convidades moitas veces xente á casa? Por que?
- Que ofrecedes cando invitades a alguén a xantar ou cear na túa casa? Cociñades ou mercades comida preparada? Por que?
- Cres que se quedas na casa gastas menos cartos? Cres que o que aforramos cando convidamos na casa compensa o traballo que temos que facer? Por que?
- E a ti, gústache que os teus familiares ou amigos te conviden ou prefires quedar para velos fóra da casa? Por que?
- Que actividades che apetece facer con familiares ou amigos? Por que?
- Cres que esta moda de quedar na casa as fins de semana ten moito éxito en Galicia? Pensas que os galegos somos moi caseiros? Por que?

(Se procede)

- Que se acostuma facer no teu lugar de orixe cando convidades alguén á casa?
- Que diferenzas hai respecto a Galicia?

**OPCIÓN B**

- Saes con frecuencia polas noites? Acostumas saír de noite ou déitaste cedo? Cánsache saír? Por que?
- Divírteste indo ás discotecas, ás festas... ou prefires desfrutar de ver un espectáculo ou de conversar tranquilamente? Por que?
- Que acostumas facer fóra da casa: pasear, practicar deporte, ir ao cine...? Que che gusta máis?
- Paréceche que é necesario saír e relacionarse con outras persoas ou pensas que só o facemos por costume? Por que?
- Como te comunicas normalmente coa familia e os amigos/as: en persoa, falando por teléfono ou con mensaxes ao teléfono. Por que?
- Usas moito o Whatsapp, Facebook, Twiter ou Instagram? Por que? Cres que é bo?  
(Se procede)
- Consideras que os galegos somos moi festeiros? Hai algunha diferenza na maneira de divertirse en Galicia respecto do teu lugar de orixe?

**OPCIÓN C**

- Como pasas agora as fins de semana? Cambiaron moito os teus gustos dende que eras neno/a? Por que?
- Pensas que, hoxe en día, a xente necesita máis tempo libre que noutras épocas? Por que?
- Consideras que nos últimos anos cambiou moito a maneira de divertirse? Como? Por que?
- Que che apetece facer cando queres descansar, relaxarte ou esquecer as tarefas diarias?
- Aproveitas as fins de semana para traballar na casa? Acostumas limpar, ordenar, pasar o ferro? Que labores do fogar che gustan máis? E os que menos?
- Cres que agora a xente está máis cansa e estresada que hai anos?  
(Se procede)
- Consideras que hai diferenzas entre as actividades de tempo libre que se adoitan facer en Galicia e as do teu lugar de orixe?